5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DIVERSOS EXPEDIENTES DE DECAEMENTO E DE INICIO DE PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2019.

Primeira.- *Proposta de decaemento e do inicio de perda de dereito ao cobro de investimentos incluídos no Plan Único 2019 no Concello de Sarria.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento que se refire ao investimento do concello de Sarria indicado a continuación e que dispón o seguinte:

Nº	Denominación
293	DESPREGUE DE FIBRA ESCURA PARA CONEXIÓN DE SEDES MUNICIPAIS, INCLUÍDO HONORARIOS

“Apréciase que “non existe actuación por parte do interesado” con respecto ao requirimento enviado ao concello de Sarria para que renda a conta xustificativa para acreditar a execución do/s investimento/s que se indican a continuación, incluído/s no PUCC19.

Nº	Denominación
293	DESPREGUE DE FIBRA ESCURA PARA CONEXIÓN DE SEDES MUNICIPAIS, INCLUÍDO HONORARIOS

Lexislación aplicable:

A normativa básica aplicable ao ámbito obxectivo deste informe está constituída, basicamente por:

Bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada o 21/05/2019, publicadas no BOP de Lugo Nº52 de 02/03/2019 (Bases PUCC19).

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)

Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo publicada no BOP nº 53 de 07 de marzo de 2005, con unha modificación publicada no BOP nº 160, de 13 de xullo de 2006 (OXS).

Bases de Execución do Orzamento Xeral da Excma. Deputación Provincial (BEOX).

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Real Decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais

Lexislación específica en réxime local e demais normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Antecedentes de feito:

Na instrución do expediente determináronse como feitos probados que:

Que o Pleno da Deputación de Lugo na sesión do 26/02/2019 acordou a aprobación das Bases reguladoras do PUCC19, que foron publicadas no BOP N°52 de 02/03/2019. Así mesmo, en sesión plenaria celebrada o 21/05/2019, acordou prestar aprobación ao PUCC19, no que figura o/s investimento/s obxecto deste informe:

Nº	Denominación
293	DESPREGUE DE FIBRA ESCURA PARA CONEXIÓN DE SEDES MUNICIPAIS, INCLUÍDO HONORARIOS

Que na base 21ª BPUCC19, establécese que os concellos, respectando o prazo sinalado para executar e render conta xustificativa, presentará a dita para cada investimento, indicándose tanto a súa documentación xeral como a específica. A base 21ª.2 BPUCC19 indica como límite temporal de terminación dos investimentos o 30/09/2020 e de presentación da documentación xustificativa o día 15/10/2020.



A dita base 21ª.2 BPUCC19 quedou modificada, mediante acordo plenario, en sesión celebrada con data 29/09/2020, establecéndose que os investimentos deben estar terminados na data límite do 31/10/2020 e a documentación xustificativa da súa execución debe remitirse á Deputación na data límite do 15/11/2020.

Que aplicando a base 23ª BPUCC19: “Xestión do Plan Único”, apartado a. na que se establece que a xestión do PUC19 no programa de investimentos corresponde ao Servizo de Contratación e Fomento. Unidade de Obras e Plans, constatase que o concello non rende conta xustificativa, polo que de acordo co estipulado no artigo 70.3 LXS e a D.A. 4ª PUC19, tramita o oportuno requirimento. De acordo co estipulado no artigo 41.1 LPAC e tendo en conta que o interesado está obrigado a recibila por medios electrónicos, con data 15/03/2021ponse o dito requirimento a súa disposición na Sede electrónica da Deputación de Lugo. O concello de Sarria, accede ao seu contido o día 15/03/2021, data na que se entende practicada a notificación, de acordo co artigo 43.2 LPAC.

Que no requirimento practicado indicase que o concello de Sarria dispón dun prazo improrrogable de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento, para que achegue a documentación que conforma a conta xustificativa e que se indica nas bases 21ª.1 e 21ª.2 BPUCC19, advertíndolle que, de non cumprir co mesmo declararáselle decaído no seu dereito ao trámite correspondente de emenda da falta de documentación, procedéndose á tramitación do expediente de perda de dereito ao cobro da axuda integrada no PUC19, e de ser o caso, á tramitación de expediente de reintegro da contía anticipada, así como á esixencia dos xuros de mora correspondentes.

Na data actual non existe actuación por parte do beneficiario e o concello de Sarria non rende conta xustificativa.

Consideracións xurídicas:

A base 14ª define a natureza xurídica da achega provincial: “As aportacións da Deputación con cargo ao Plan Provincial Único teñen a natureza xurídica de axudas integradas nun plan que ten por obxectivo a realización de funcións de apoio e cooperación municipal réxense en primeiro

lugar, por estas bases, así como a lexislación específica en réxime local e resultando da aplicación supletoria a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e o seu Regulamento e, supletoriamente, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais e igualmente pola Ordenanza xeral de subvencións de Deputación Provincial publicada no BOP nº 53 de 07 de marzo de 2005, con unha modificación publicada BOP nº 160, de 13 de xullo de 2006”.

A base 3ª A BPUCC19 reitérase na supletoriedade da aplicación da lexislación de subvencións: “De conformidade coa Disposición Adicional oitava da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, na redacción vixente, as Subvencións que integran o programa de cooperación económica do Estado aos investimentos das autoridades locais, do mesmo xeito que as subvencións que integran plans ou instrumentos semellantes que teñan por obxecto levar a cabo funcións de apoio e cooperación municipal réxense pola súa normativa específica, resultando de aplicación supletoria as disposicións da presente lei. Xa que logo resulta de aplicación supletoria a lexislación de subvencións, nomeadamente na xustificación e no seu caso reintegro”.

A base 21ª.2 BPUCC19 indica os prazos para executar e xustificar os investimentos: “Todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2020 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputación na data límite do 15 de outubro de 2020. Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno. No caso de que as actuacións non puideran ser finalizadas na súa totalidade, a aportación desta Deputación poderá ser proporcional, sempre e cando dita actuación poida ser entregada ao uso público”.

A dita base 21ª.2 BPUCC19 quedou modificada, mediante acordo plenario, en sesión celebrada con data 29/09/2020, establecéndose que os investimentos deben estar terminados na data límite do 31/10/2020 e a documentación xustificativa da súa execución debe remitirse á Deputación na data límite do 15/11/2020.



Na Disposición Adicional Cuarta BPUCC19 establécese que: “Transcorrido os prazos de xustificación da achega referente a cada un dos programas, sen presentarse na forma establecida anteriormente, o persoal de cada área xestora tramitará requirimento aos concellos beneficiarios para que no prazo adicional e improrrogable de 15 días hábiles presenten a xustificación conforme a estas bases. O incumprimento do prazo aplicable, vencido o adicional sinalado anteriormente, para a xustificación de cada programa, dará lugar á perda do dereito a percibir a financiación concedida, e por ende, o reintegro da contía anticipada, así como a esixencia de xuro de mora correspondente dende o momento da achega ata no que se acorde a procedencia do reintegro ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro, si fora anterior a ésta. Se o concello renunciara á achega concedida, dito procedemento desenvolverase nos termos establecidos no artigo 94 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento administrativo común e demais normativa concordante. Non obstante, os Concellos poden solicitar a modificación/substitución da actuación nos termos e prazos fixados nestas bases”.

A axuda integrada no PUCC19 non é líquida, vencida nin esixible polo que procede aplicar o artigo 34 LXS que indica que “se producirá la pérdida del derecho al cobro total o parcial de la subvención en el supuesto de falta de justificación o de concurrencia de alguna de las causas previstas en el artículo 37 de esta ley”. Segundo o artigo 89 RLXS, – Pérdida do dereito ao cobramento da subvención –, punto 1, “Producirase a pérdida do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concurrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións”. Así mesmo, ao abeiro do referido artigo, punto 2, “O procedemento para declarar a procedencia da pérdida do dereito de cobramento da subvención será o establecido no artigo 42 da Lei xeral de subvencións”. Neste caso o incumprimento é o regulado no artigo 37.1.c) LXS “Incumplimiento de la obligación de justificación o la justificación insuficiente, en los términos establecidos en el artículo 30 de esta ley, y en su caso, en las normas reguladoras de la subvención”.

Ademais procede aplicar o previsto no artigo 94.2 RLXS e concederlle ao concello de Sarria trámite de audiencia, para que poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e decidir sobre a posibilidade de presentar alegacións e/ou novos documentos; en caso contrario e transcorrido o prazo sinalado, considerarase realizado o trámite.

Será competente para acordar o decaimento do trámite de aportación de conta xustificativa e a perda do dereito ao cobro da axuda integrada no PUCC19, (Nº 293: Despregue de fibra escura para conexión de sedes municipais, incluído honorarios) o órgano concedente da mesma, que aplicando o previsto na base 13ª BPUCC19 corresponde á Xunta de Goberno, para a aprobación dos investimentos financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación e por ende ao resto de investimentos incluídos no PUCC19.

Conclusión:

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente:

Que se declare decaído ao concello de Sarria, no seu dereito ao trámite consistente na presentación da documentación xustificativa da axuda integrada no PUCC19, aplicando o previsto no artigo 73.3 LPAC.

Nº	Denominación
293	DESPREGUE DE FIBRA ESCURA PARA CONEXIÓN DE SEDES MUNICIPAIS, INCLUÍDO HONORARIOS

Que se inicie o expediente de perda do dereito ao cobro do financiamento provincial, previsto no PUCC20 para o investimento descrito no parágrafo anterior, que ascende a 18.348,44 €, por incumprimento do Concello de Sarria das condicións impostas no artigo 37.1, apartado c) “Incumplimiento de la obligación de justificación o la justificación insuficiente, en los términos establecidos en el artículo 30 de esta ley, y en su caso, en las normas reguladoras de la subvención”.

Que se acorde a apertura do trámite de audiencia para que no prazo de quince días a contar dende o día seguinte a este Acordo, o representante do Concello de Sarria poida alegar e presentar os documentos que estime pertinente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:



1º.- Declarar decaído ao Concello de Sarria, no seu dereito ao trámite consistente na presentación da documentación xustificativa da axuda integrada no PUCC19, aplicando o previsto no artigo 73.3 LPAC.

Nº	Denominación
293	DESPREGUE DE FIBRA ESCURA PARA CONEXIÓN DE SEDES MUNICIPAIS, INCLÚIDO HONORARIOS

2º.- Iniciar o expediente de perda do dereito ao cobro do financiamento provincial, previsto no PUCC20 para o investimento descrito no parágrafo anterior, que ascende a 18.348,44 €, por incumprimento do concello de Sarria das condicións impostas no artigo 37.1, apartado c) “Incumplimiento de la obligación de justificación o la justificación insuficiente, en los términos establecidos en el artículo 30 de esta ley, y en su caso, en las normas reguladoras de la subvención”.

3º.- Acordar a apertura do trámite de audiencia para que no prazo de quince días a contar dende o día seguinte a este Acordo, o representante do concello de Sarria poida alegar e presentar os documentos que estime pertinente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segunda.- *Proposta de decaemento e do inicio de perda de dereito ao cobro de investimentos incluídos no Plan Único 2019 no Concello de Foz.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento que se refire ao investimento do concello de Foz indicado a continuación e que dispón o seguinte:

Nº	Denominación
RR107	LIQUIDACIÓN ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILARONTE

“Apréciase que “non existe actuación por parte do interesado” con respecto ao requirimento enviado ao Concello de Foz para que renda a conta xustificativa para acreditar a execución do/s investimento/s que se indican a continuación, incluído/s no PUCC19.

Nº	Denominación
RR107	LIQUIDACIÓN ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILARONTE

Lexislación aplicable:

A normativa básica aplicable ao ámbito obxectivo deste informe está constituída, basicamente por:

Bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada o 21/05/2019, publicadas no BOP de Lugo N°52 de 02/03/2019 (Bases PUCC19).

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)

Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicada no BOP nº 53 de 07 de marzo de 2005, con unha modificación publicada no BOP nº 160, de 13 de xullo de 2006 (OXS).

Bases de Execución do Orzamento Xeral da Excma. Deputación Provincial (BEOX)

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).



Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Real Decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais

Lexislación específica en réxime local e demais normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Antecedentes de feito:

Na instrución do expediente determináronse como feitos probados que:

Que o Pleno da Deputación de Lugo na sesión do 26/02/2019 acordou a aprobación das Bases reguladoras do PUCC19, que foron publicadas no BOP N°52 de 02/03/2019. Así mesmo, en sesión plenaria celebrada o 21/05/2019, acordou prestar aprobación ao PUCC19, no que figura o/s investimento/s obxecto deste informe:

Nº	Denominación
RR107	LIQUIDACIÓN ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILARONTE

Que na base 21ª BPUCC19, establécese que os concellos, respectando o prazo sinalado para executar e render conta xustificativa, presentará a dita para cada investimento, indicándose tanto a súa documentación xeral como a específica. A base 21ª.2 BPUCC 19 indica como límite temporal de terminación dos investimentos o 30/09/2020 e de presentación da documentación xustificativa o día 15/10/2020.

A dita base 21ª.2 BPUCC19 quedou modificada, mediante acordo plenario, en sesión celebrada con data 29/09/2020, establecéndose que os investimentos deben estar terminados na data límite do 31/10/2020 e a documentación xustificativa da súa execución debe remitirse á Deputación na data límite do 15/11/2020.

Que aplicando a base 23ª BPUCC19: “Xestión do Plan Único”, apartado a. na que se establece que a xestión do PUC19 no programa de investimentos corresponde ao Servizo de Contratación e Fomento. Unidade de Obras e Plans, constátase que o concello non rende conta xustificativa, polo que de acordo co estipulado no artigo 70.3 RLXS e DA 4ª PUC19, tramita o oportuno requirimento. De acordo co estipulado no artigo 41.1 LPAC e tendo en conta que o interesado está obrigado a recibila por medios electrónicos, con data 10/03/2021 ponse o dito requirimento a súa disposición na Sede electrónica da Deputación de Lugo. O concello de Foz, accede ao seu contido o día 10/03/2021, data na que se entende practicada a notificación, de acordo co artigo 43.2 LPAC.

Que no requirimento practicado indicase que o Concello de Foz dispón dun prazo improrrogable de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento, para que achegue a documentación que conforma a conta xustificativa e que se indica nas bases 21ª.1 e 21ª.2 BPUCC 19, advertíndolle que, de non cumprir co mesmo declararáselle decaído no seu dereito ao trámite correspondente de emenda da falta de documentación, procedéndose á tramitación do expediente de perda de dereito ao cobro da axuda integrada no PUC 19, e de ser o caso, á tramitación de expediente de reintegro da contía anticipada, así como á esixencia dos xuros de mora correspondentes.

Na data actual non existe actuación por parte do beneficiario e o Concello de Foz non rende conta xustificativa.

Consideracións xurídicas:

A base 14ª define a natureza xurídica da achega provincial: “As aportacións da Deputación con cargo ao Plan Provincial Único teñen a natureza xurídica de axudas integradas nun plan que ten por obxectivo a realización de funcións de apoio e cooperación municipal réxense en primeiro lugar, por estas bases, así como a lexislación específica en réxime local e resultando da aplicación supletoria a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e o seu Regulamento e, supletoriamente, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, polo Real decreto 835/2003, do



27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais e igualmente pola Ordenanza xeral de subvencións de Deputación Provincial publicada no BOP nº 53 de 07 de marzo de 2005, con unha modificación publicada BOP nº 160, de 13 de xullo de 2006”.

A base 3ª A BPUCC 19 reitérase na supletoriedade da aplicación da lexislación de subvencións: “De conformidade coa Disposición Adicional oitava da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, na redacción vixente, as Subvencións que integran o programa de cooperación económica do Estado aos investimentos das autoridades locais, do mesmo xeito que as subvencións que integran plans ou instrumentos semellantes que teñan por obxecto levar a cabo funcións de apoio e cooperación municipal réxense pola súa normativa específica, resultando de aplicación supletoria as disposicións da presente lei. Xa que logo resulta de aplicación supletoria a lexislación de subvencións, nomeadamente na xustificación e no seu caso reintegro”.

A base 21ª.2 BPUCC19 indica os prazos para executar e xustificar os investimentos: “Todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2020 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputación na data límite do 15 de outubro de 2020. Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno. No caso de que as actuacións non puideran ser finalizadas na súa totalidade, a aportación desta Deputación poderá ser proporcional, sempre e cando dita actuación poida ser entregada ao uso público”.

A dita base 21ª.2 BPUCC19 quedou modificada, mediante acordo plenario, en sesión celebrada con data 29/09/2020, establecéndose que os investimentos deben estar terminados na data límite do 31/10/2020 e a documentación xustificativa da súa execución debe remitirse á Deputación na data límite do 15/11/2020.

Na Disposición Adicional Cuarta BPUCC19 establécese que: “Transcorrido os prazos de xustificación da achega referente a cada un dos programas, sen presentarse na forma establecida anteriormente, o persoal de cada área xestora tramitará requirimento aos concellos beneficiarios para que no prazo adicional e improrrogable de 15 días hábiles presenten a xustificación conforme a estas bases. O incumprimento do prazo aplicable, vencido o adicional sinalado anteriormente,

para a xustificación de cada programa, dará lugar á perda do dereito a percibir a financiación concedida, e por ende, o reintegro da contía anticipada, así como a esixencia de xuro de mora correspondente dende o momento da achega ata no que se acorde a procedencia do reintegro ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro, si fora anterior a ésta. Se o concello renunciara á achega concedida, dito procedemento desenvolverase nos termos establecidos no artigo 94 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento administrativo común e demais normativa concordante. Non obstante, os Concellos poden solicitar a modificación/substitución da actuación nos termos e prazos fixados nestas bases”.

A axuda integrada no PUCC19 non é líquida, vencida nin esixible polo que procede aplicar o artigo 34 LXS que indica que “se producirá la pérdida del derecho al cobro total o parcial de la subvención en el supuesto de falta de justificación o de concurrencia de alguna de las causas previstas en el artículo 37 de esta ley”. Segundo o artigo 89 RLXS, – Pérdida do dereito ao cobramento da subvención –, punto 1, “Producirase a pérdida do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concurrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencions”. Así mesmo, ao abeiro do referido artigo, punto 2, “O procedemento para declarar a procedencia da pérdida do dereito de cobramento da subvención será o establecido no artigo 42 da Lei xeral de subvencions”. Neste caso o incumprimento é o regulado no artigo 37.1.c) LXS “Incumplimiento de la obligación de justificación o la justificación insuficiente, en los términos establecidos en el artículo 30 de esta ley, y en su caso, en las normas reguladoras de la subvención”.

Ademais procede aplicar o previsto no artigo 94.2 RLXS e concederlle ao Concello de Foz trámite de audiencia, para que poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e decidir sobre a posibilidade de presentar alegacións e/ou novos documentos ou xustificacións; en caso contrario e transcorrido o prazo sinalado, considerarase realizado o trámite.

Será competente para acordar o decaimento do trámite de aportación de conta xustificativa e a pérdida do dereito ao cobro da axuda integrada no PUCC19, (Nº RR107: Liquidación acondicionamento de camiños en Vilaronte), o órgano concedinte da mesma, que aplicando o previsto na base 13ª BPUCC19 corresponde á Xunta de Goberno, para a aprobación dos



investimentos financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación e por ende ao resto de investimentos incluídos no PУCC19.

Conclusión:

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente:

Que se declare decaído ao Concello de Foz, no seu dereito ao trámite consistente na presentación da documentación xustificativa da axuda integrada no PУCC19, aplicando o previsto no artigo 73.3 LPAC.

Nº	Denominación
RR107	LIQUIDACIÓN ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILARONTE

Que se inicie o expediente de perda do dereito ao cobro do financiamento provincial, previsto no PУCC20 para o investimento descrito no paragrafo anterior, que ascende a 3.592,11 €, por incumprimento do Concello de Foz das condicións impostas no artigo 37.1, apartado c) “Incumplimiento de la obligación de justificación o la justificación insuficiente, en los términos establecidos en el artículo 30 de esta ley, y en su caso, en las normas reguladoras de la subvención”.

Que se acorde a apertura do trámite de audiencia para que no prazo de quince días a contar dende o día seguinte a este Acordo, o representante do Concello de Foz poida alegar e presentar os documentos que estime pertinente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar decaído ao Concello de Foz, no seu dereito ao trámite consistente na presentación da documentación xustificativa da axuda integrada no PУCC19, aplicando o previsto no artigo 73.3 LPAC.

Nº	Denominación
RR107	LIQUIDACIÓN ACONDICIONAMIENTO DE CAMIÑOS EN VILARONTE

2º.- Iniciar o expediente de perda do dereito ao cobro do financiamento provincial, previsto no PUCC20 para o investimento descrito no paragrafo anterior, que ascende a 3.592,11 €, por incumprimento do Concello de Foz das condicións impostas no artigo 37.1, apartado c) “Incumplimiento de la obligación de justificación o la justificación insuficiente, en los términos establecidos en el artículo 30 de esta ley, y en su caso, en las normas reguladoras de la subvención”.

3º.- Acordar a apertura do trámite de audiencia para que no prazo de quince días a contar dende o día seguinte a este Acordo, o representante do Concello de Foz poida alegar e presentar os documentos que estime pertinente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS AO AMPARO DO PLAN EXTRAORDINARIO DE OBRA PÚBLICA, FORMALIZADO O 17 DE DECEMBRO DE 2010.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Inicio do procedemento de resolución e liquidación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para a execución as actuacións

realizadas ao amparo do plan extraordinaria de obra pública, formalizado o 17 de decembro de 2010.

En relación ao asunto de referencia dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emíttese o seguinte informe:

Antecedentes de feito

Por acordo Plenario da Deputación de Lugo, de data 27 de abril de 2010, aprobouse o Plan Extraordinario de Obra Pública, no que se incluíu unha actuación destinada á formalización de Convenios con diversos concellos por un importe total de 9.650.000,00 €.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 10 de decembro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a listaxe de municipios cos que se subscribirán convenios ao abeiro do Plan Extraordinario de Obra Pública da Deputación Provincial de Lugo polos seguintes contías:

CONCELLOS	IMPORTES
(...)	(...)
Lugo	1.000.000,00 €
(...)	(...)

2º. Os convenios poderán ter por obxecto a execución dos obras e mantemento de servizos públicos nos concellos. A contía e concreción das diferentes actuacións será realizada pola Xunta de Goberno. Poderá ser obxecto de convenio a parte do financiamento que teñan que asumir os concellos, derivada de actuacións cofinanciadas con outras administracións, ou aquelas actuacións que pola súa propia natureza así o esixan, en cuxo caso se poderá transferir directamente aos concellos a parte do financiamento municipal.

3º Aprobar o modelo de Convenio”.

O Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo para a execución as actuacións realizadas ao amparo do Plan Extraordinaria de Obra Pública 2010, formalizouse o 17 de decembro de 2010.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2010, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º.- Determinar que as actuacións que se van a realizar, con base nos convenios suscritos o abeiro do Plan extraordinario de obra pública da Deputación Provincial de Lugo sexan as que, a continuación, se relacionan e polos importes que, así mesmo se indican:

Plan Extraordinario de Obra Pública: Obras convenios

(...)

Concello de Lugo

Infraestruturas e servizos en vías urbanas: 500.000 euros

Infraestruturas e servizos no contorno fluvial: 500.000 euros

(...).

2º.- Dispoñer que, de acordo co disposto na cláusula 2ª-A-b do convenio asinado, a Deputación Provincial de Lugo realizará as actuacións de contratación, con base no establecido na D.A. 2ª-5 da Ley 30/2007, de contratos do sector público. Unha vez adxudicados os contratos, os concellos procederán á formalización dos mesmos e a Deputación Provincial transferiralles as cantidades precisas para o seu oboamento, de acordo co importe da adxudicación, que será a aportación máxima do organismo provincial, sendo de conta dos concellos os importes que poidan derivarse de modificacións contractuais, obras complementarias, liquidacións e calquera outra cantidade que incremente a aportación inicialmente fixada.

Unha vez rematadas as obras deberá procederse á xustificación das cantidades transferidas mediante a aportación por parte do Concello da seguinte documentación:



Acta de recepción da obra

Certificacións de obra, aprobadas e aboadas.

De non procederse á xustificación no prazo de tres meses posteriores ao prazo de finalización da obra, de acordo co establecido no proxecto ou na memoria técnica, procederá o reintegro á Deputación Provincial de Lugo das cantidades non empregadas.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 9.457.000 €”.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 18 de novembro de 2011, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“Aprobar a addenda ao Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo para a execución as actuacións realizadas ao amparo do Plan Extraordinaria de Obra Pública”

A addenda ao Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo para a execución das actuacións realizadas ao amparo do Plan Extraordinaria de Obra Pública 2010, formalizouse o 28 de novembro de 2011.

Por resolución presidencial, de data 30 de decembro de 2011, resolveuse:

“Aprobar o aboamento do anticipo outorgado ao concello de Lugo por importe de 1.000.000,00 €, con dispensa de garantía, que se indica na Addenda ao convenio de colaboración aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno de data 18 de novembro de 2011”.

Segundo se desprende da documentación que obra no expediente non se executou nin se xustificou a obra inicialmente acordada quedando pendente os seguintes importes:

Construción de pantaláns para zona de baño no Río Miño: 188.682,00 €.

Construción de vestiario no entorno do Río Miño: 36.703,75 €

Total: 225.385,75 €

En relación coa obra de Lugo - Construción de pantaláns para zona de baño do Río Miño (incluída no Plan Extraordinario de Obra Pública 2010)- a Xunta de Goberno do concello de Lugo, en sesión celebrada o 21 de maio de 2014, acordou “comunicarlle á Deputación a posta a disposición do orzamento correspondente á actuación “Construción de pantaláns para zona de baño no Río Miño”, que ascende a 188.682,00 €, para desenvolver outras actuacións dentro da denominación inicial “Infraestruturas e servizos no entorno fluvial”.

Dende a Deputación de Lugo requiriuse (o 1 de decembro de 2014 –nº rexistro de saída 13970-, o 13 de decembro de 2017 –nº de rexistro de saída 12692- e o 18 de xullo de 2019 –nº de rexistro de saída 8605-) á alcaldesa do Concello de Lugo para que remitise a relación de actuacións substitutivas que fosen compatibles cos créditos orzamentos a fin de evitar o exercicio dunha acción administrativa de reintegro dos importes anticipados e non xustificadas ou ben a compensación dos mesmos, non recibindo contestación por parte do Concello.

Por resolución presidencial, de data 13 de novembro de 2020, iniciouse o procedemento de compensación de débedas polo importe de 225.385,75 €.

A representante do Concello de Lugo achegou escrito de alegacións no que se solicita que se deixe sen efecto o procedemento de compensación de débedas iniciado por resolución presidencial de data 13 de novembro de 2020.

Aos antecedentes expostos son de aplicacións as seguintes

Consideracións xurídicas- administrativas

Respecto as alegacións formuladas pola Alcaldesa do Concello de Lugo as mesmas son estimadas en base ás seguintes fundamentacións legais:

No ámbito das Administracións Públicas, como sucede na normativa civil -artigos 1195 e 1202 do Código Civil-, o mecanismo de compensación extingue, na contía concorrente, as obrigas



daquelas persoas que por dereito propio sexan reciprocamente acreedoras e debedoras as unhas das outras.

Ademais, conforme ao artigo 1196.2 do Código Civil, se require, para que poida ter lugar a compensación, que os suxeitos sexan reciprocamente acreedor e debedor o un do outro nunha contía vencida, líquida e esixible concorrente.

Así mesmo, tanto o artigo 73.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria como o artigo 57 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, recollen que serán compensables de oficio, unha vez transcorra o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas tributarias vencidas, líquidas e esixibles.

É de destacar que a compensación de créditos e débitos entre Administracións Públicas, aínda que ningún sexa de natureza tributaria, está previsto de forma xenérica no artigo 109 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, polo que non é relevante a natureza tributaria ou non dos créditos e débedas que se compensen, sempre que reúnan as citadas características de vendidos, líquidos e esixibles.

No suposto que nos ocupa non estamos ante unha débeda vencida, líquida e esixible dado que non se resolveu e liquidou previamente o convenio.

Na cláusula quinta –vixencia- do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo para a execución as actuacións realizadas ao amparo do Plan Extraordinaria de Obra Pública, formalizado o 17 de decembro de 2010 dispónse expresamente que “O convenio será efectivo a partir da data da súa sinatura e terá a duración precisa para a completa execución das actuacións nel recollidas”.

Ao respecto indicar que a Disposición Adicional Oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que,

“1. Todos os convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes deberán adaptarse ao aquí previsto no prazo de tres anos a contar desde a entrada en vigor desta Lei. Con todo, esta

adaptación será automática, no que se refire ao prazo de vixencia do convenio, por aplicación directa das regras previstas no artigo 49. h).1.º para os convenios que non tivesen determinado un prazo de vixencia ou, existindo, tivesen establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta Lei. Nestes casos o prazo de vixencia do convenio será de catro anos a contar desde a entrada en vigor da presente Lei. (...).”

Polo que o convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo para a execución as actuacións realizadas ao amparo do Plan Extraordinaria de Obra Pública 2010 estivo vixente ata o 2 de outubro de 2020.

Na cláusula primeira –anticipos- da addenda ao de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo para a execución as actuacións realizadas ao amparo do Plan Extraordinaria de Obra Pública, formalizada o 28 de novembro de 2021 recóllese literalmente o seguinte:

“Se engade a cláusula denominada “Anticipos”, ao convenio de colaboración suscrito con data 17 de decembro de 2010, quedando redactada co seguinte teor:

As partes asinantes acordan que a Excma. Deputación Provincial de Lugo realice o aboamento anticipado do 100% sobre a cantidade de 1.000.000,00 €, prevista para que o concello de Lugo leve a cabo as actuacións descritas na cláusula primeira do Convenio de referencia, previa solicitude do concello de Lugo, con dispensa de garantía.

No caso de que o custo total da execución do proxecto financiado resulte ser inferior ao previsto no convenio, o concello de Lugo, está obrigado a reintegrar o exceso que resulte da diferenza entre a cantidade aboada en concepto de anticipo e a cantidade efectivamente gastada para a execución do proxecto na conta de titularidade da Deputación Provincial de Lugo que se indica a continuación:

ENTIDADE	NOVAGALICIA BANCO
NÚMERO CONTA	2080-0163-85-311000xxxx



O Concello de Lugo, no caso de non executar a totalidade do anticipo, presentará a documentación xustificativa do reintegro na conta da Deputación, sinalada anteriormente.

De non cumprirse o estipulado no parágrafo anterior, procederá o reintegro da cantidade percibida e a existencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro”.

Na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público recollese o seguinte:

“1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por concorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse prórroga do mesmo. (...)”
(artigo 51-extinción dos convenios-)

“O cumprimento e a resolución dos convenios dará lugar á liquidación dos mesmos co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes. (...)” (artigo 52 –efectos da resolución dos convenios-).

O órgano competente para iniciar o procedemento de resolución e liquidación do convenio é a Xunta de Goberno xa que foi o órgano que aprobou o convenio, o gasto e determinou as actuacións a desenrolar.

Conclusiones

Por todo o exposto e tendo en conta que:

Dende o Concello de Lugo non se reintegrou o importe anticipado e non xustificado que ascende a 225.385,75 €

O prazo de vixencia do convenio venceu o 2 de outubro de 2020 sen acordarse prórroga do mesmo.

Infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Estimar as alegacións presentadas pola Alcaldesa do Concello de Lugo contra o inicio do procedemento de compensación de débedas iniciado por resolución presidencial de data 13 de novembro de 2020.

Acordar o inicio do procedemento de resolución do convenio e a conseguinte liquidación do mesmo.

Determinar que o Concello de Lugo ten a obriga de reintegrar a cantidade de 225.385,75 € xunto cos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento do anticipo ata a data do ingreso voluntario ou ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro.

Acordar a apertura do Trámite de Audiencia para que, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, a alcaldesa do Concello de Lugo poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

No suposto de que se opte polo ingreso da contía percibida en concepto de anticipo, o representante do Concello de Lugo porase en contacto coa Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento para que se lle facilite a liquidación dos xuros de mora tendo en conta a data de pago do anticipo e a data na que se vaia facer efectivo o ingreso.

O ingreso da cantidade percibida en concepto de anticipo, máis os intereses de mora correspondentes, farase efectivo na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000xxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2020/PES_03/021594”.

En base ao anteriormente exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Estimar as alegacións presentadas pola Alcaldesa do Concello de Lugo contra o inicio do procedemento de compensación de débedas iniciado por resolución presidencial de data 13 de novembro de 2020.

2º.- Iniciar o procedemento de resolución do convenio e a conseguinte liquidación do mesmo.

3º.- Determinar que o Concello de Lugo ten a obriga de reintegrar a cantidade de 225.385,75 € xunto cos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento do anticipo ata a data do ingreso voluntario ou ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro.

4º.- A apertura do Tramite de Audiencia para que, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, a alcaldesa do Concello de Lugo poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

5º.- No suposto de que se opte polo ingreso da contía percibida en concepto de anticipo, o representante do Concello de Lugo porase en contacto coa Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento para que se lle facilite a liquidación dos xuros de mora tendo en conta a data de pago do anticipo e a data na que se vaia facer efectivo o ingreso.

O ingreso da cantidade percibida en concepto de anticipo, máis os intereses de mora correspondentes, farase efectivo na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000xxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2020/PES_03/021594”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDUREMTO DE RESOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A CREACIÓN E

POSTA EN MARCHA DO “OBSERVATORIO DAS FINANZAS MUNICIPAIS NA PROVINCIA DE LUGO”, FORMALIZADO O 21 DE XANEIRO DE 2015.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se estable o seguinte:

“Asunto: Inicio do procedemento de resolución e liquidación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a creación e posta en marcha do “Observatorio das finanzas municipais na provincia de Lugo”, formalizado o 21 de xaneiro de 2015.

En relación ao asunto de referencia dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito

A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 16 de xaneiro de 2015, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para a creación e posta en marcha do “Observatorio das Finanzas Municipais na Provincia de Lugo”

2º.- Aprobar o gasto que ascende a 180.000,00 €, tendo en conta que o proxecto se vai desenvolver en tres anualidades e existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da subscrición do convenio no vixente orzamento desta Deputación Provincial, da anualidade 2015, polo importe de 60.000,00 €. A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2016 e 2017 a cantidade de 120.000,00 €, correspondendo 60.000,00 € a cada anualidade”



O Convenio de Colaboración para a creación e posta en marcha do “Observatorio das finanzas municipais na provincia de Lugo”, formalizouse o 21 de xaneiro de 2015.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 5 de agosto de 2016, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Modificar a cláusula cuarta do Convenio de Colaboración entre esta Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para a creación e posta en marcha do “Observatorio das finanzas municipais na provincia de Lugo”, en canto á dirección dos traballos de investigación e do Observatorio previsto no mesmo, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de Colaboración de referencia”.

A modificación do Convenio de Colaboración entre esta Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a creación e posta en marcha do “Observatorio das finanzas municipais na provincia de Lugo”, asinouse en data 12 de agosto de 2016.

A Comisión de Seguimento foi convocada para o 9 de decembro de 2016, asistindo D. Antonio López Díaz e D. José Manuel Lage Tuñas (en representación da USC), D^a. Mayra García Bermúdez e D. Manuel Ángel Jove Losada (en representación da Deputación Provincial de Lugo).

Na Acta da reunión, concretamente no seu punto III.- Asuntos, punto Segundo, recollese que:

“(…) No referido aos compromisos inicialmente establecidos para finais de 2016 a Comisión por unanimidade, acorda a revisión dos prazos inicialmente establecidos ao constatar dificultades técnicas que impedirían a presentación dos traballos nos prazos inicialmente previstos”. (…).

Así mesmo, na citada Acta contemplase ademais que:

“A Comisión de seguimento, previa deliberación, en exercicio das funcións previstas na cláusula quinta do convenio, conclúe a existencia dun erro material que se constata cando no citado convenio se fai mención á realización dun “Estudio sobre as perspectivas das finanzas municipais dos concellos da provincia de Lugo”, xa que se contempla a súa realización tanto no ano 2016 como no ano 2017.

Por unanimidade, os presentes expresan o seu parecer e tendo en conta que o contido do estudio só deberá facerse cunha periodicidade trianual xa que a súa presentación anual é un claro erro material dado que é imposible facer un estudio desas características de xeito anual. Procedería facer entrega do mesmo a finais do ano 2018 (trianual)”.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 7 de xullo de 2017, adoptou, entre outros o seguinte acordo que implica unha segunda modificación do Convenio de Colaboración entre esta Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a creación e posta en marcha do “Observatorio das finanzas municipais na provincia de Lugo”:

“Modificar a cláusula Sétima, letra C) titulada "Calendario de Pagamentos", a cláusula oitava, titulada "Duración" e o Anexo I que recolle o "Plan de Traballo", do Convenio asinado o 21 de xaneiro de 2015, entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e esta Excm. Deputación Provincial, para a creación e posta en marcha do "Observatorio das finanzas municipais na provincia de Lugo", nos termos da segunda addenda de modificación incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de colaboración de referencia”.

A segunda modificación ao Convenio de Colaboración entre esta Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a creación e posta en marcha do “Observatorio das finanzas municipais na provincia de Lugo”, formalizouse o 12 de xullo de 2017.

Consideracións xurídicas-administrativas

Na resolución presidencial, na que se aproba a xustificación e o aboamento da Segunda Fase – 1º estudo da anualidade 2017- do Convenio de Colaboración entre a Excm. Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a posta en marcha do “Observatorio das Finanzas Municipais na Provincia de Lugo, dispónse expresamente que:



“Queda pendente, respecto das obrigas asumidas no renomeado convenio:

Con cargo á anualidade 2017, a achega do “Estudo específico sobre o investimento municipal e as transferencias de capital aos concellos”; que tiña que terse achegado no mes de decembro de 2017.

E, con respecto á anualidade 2018, queda pendente de achegar o “Estudo sobre as perspectivas das finanzas municipais dos concellos da provincia de Lugo”, de carácter trianual, e que tiña que terse entregado en outubro de 2018”.

Na cláusula oitava do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a creación e posta en marcha do “Observatorio das finanzas municipais na provincia de Lugo”, trala segunda modificación formalizada en data 12 de xullo de 2017, establécese que:

“A duración do presente convenio de Colaboración estenderase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018, podendo ser prorrogado, mediante acordo expreso de ambas partes, sempre que a súa prórroga sexa adoptada con anterioridade á finalización do seu prazo de duración”.

Na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público recollese o seguinte:

“1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por concorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse prórroga do mesmo. (...)”

(artigo 51-extinción dos convenios-)

“O cumprimento e a resolución dos convenios dará lugar á liquidación dos mesmos co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes. (...)” (artigo 52 –efectos da resolución dos convenios-).

Conclusiones

Por todo o exposto e tendo en conta que:

Dende a Universidade de Santiago:

Se achegaron as facturas e estudos correspondentes ás anualidades 2015 (primeira fase), 2016 (segunda fase) e 2017 (segunda Fase – 1º estudo) e que as mesmas foron aprobadas e aboadas pola Deputación Provincial.

Ano 2015: 60.000,00 € (dúas facturas de 30.000,00 €)

Ano 2016: 60.000,00 € (dúas facturas de 30.000,00 €)

Ano 2017: 15.000,00 € (unha factura)

Total: 135.000,00 €

Non se achegaron as facturas e estudos correspondentes á anualidade 2017 (“Estudo específico sobre o investimento municipal e as transferencias de capital aos concellos”; que tiña que terse achegado no mes de decembro de 2017) e á anualidade 2018, (“Estudo sobre as perspectivas das finanzas municipais dos concellos da provincia de Lugo”, de carácter trianual, e que tiña que terse entregado en outubro de 2018) e que polo tanto non se puideron aprobar e aboar pola Deputación Provincial.

Ano 2017: 15.000,00 €

Ano 2018: 30.000,00 €

Total: 180.000,00 €

O prazo de vixencia do convenio venceu o 31 de decembro de 2018 sen acordarse prórroga do mesmo.



Infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno, tendo en conta que foi o órgano que aprobou o Convenio de Colaboración entre esta Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a creación e posta en marcha do “Observatorio das finanzas municipais na provincia de Lugo” e as súas modificacións se acorde o seguinte:

Acordar o inicio do procedemento de resolución do convenio e a conseguinte liquidación do mesmo no senso de determinar que non existen obrigacións e compromisos pendentes de ambas partes.

Acordar a apertura do Trámite de Audiencia para que, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, o representante da Universidade de Santiago de Compostela poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes”

En base ao anteriormente exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acordar o inicio do procedemento de resolución do convenio e a conseguinte liquidación do mesmo no senso de determinar que non existen actuacións en curso nin obrigas e compromisos pendentes de cada unha das partes.

2º.- Acordar a apertura do Trámite de Audiencia para que, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, o representante da Universidade de Santiago de Compostela poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA MEMORIA TÉCNICA QUE REXE O ENCARGO ESTABLECIDO POR PARTE DA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) PARA CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES DE TITULARIDADE PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA A ANUALIDADE 2021 - 2022 PRORROGABLE ANUALMENTE ATA 31 DE DECEMBRO DE 2024.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Como é coñecido a Deputación de Lugo acordou e aprobou en Xunta de Goberno Provincial de data 18 de decembro de 2020, o establecemento dun novo encargo ao seu medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización do servizo de mantemento e conservación dos espazos verdes, competencia desta Deputación de Lugo.

Este encargo réxese baixo a Memoria Técnica que forma parte deste encargo e que foi aprobada con todo o expediente na devandita Xunta de Goberno.

Esta memoria técnica recolle no seu apartado 2.3. Medios persoais, o seguinte:

“TRAGSA adscribirá á prestación do servizo o equipo de traballo que viña realizando os traballos de mantemento nos anteriores, conservando e adaptando á lexislación.

A Deputación non terá ningunha vinculación laboral nin contractual, nin responsabilidade nin obrigaón de ningún tipo co persoal contratado por esta para a prestación do servizo”.

Máis polo miúdo, a memoria técnica, no seu punto 2.3.3 Persoal de Mantemento, o seguinte:

“É obrigaón de TRAGSA de achegar eventualmente persoal especializado se as necesidades dos traballos así o requiren, persoal que foi subrogado de SUPLUSA o 1 de xaneiro de 2020 en cumprimento do Convenio Colectivo de aplicación e de acordo ás listaxes e consideracións



que a Deputación lle traslade a TRAGSA, considerárase o seguinte persoal a xornada completa como o mínimo indispensable para o desenvolvemento dos traballos:

	CATEGORIA	CONVENIO
1	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
2	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
3	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
4	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
5	ENCARGADO	JARDINERIA
6	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
7	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
8	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
9	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
10	XEFE DE GRUPO	JARDINERIA
11	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
12	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
13	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
14	AUXILIAR XARDIÑERÍA	JARDINERIA
15	AUXILIAR XARDIÑERÍA	JARDINERIA
16	AUXILIAR XARDIÑERÍA	JARDINERIA
17	AUXILIAR XARDIÑERÍA	JARDINERIA
18	OFICIAL ESPECIALISTA 1ª	EDIFICACION E OBRAS PÚBLICAS
19	ENCARGADO	EDIFICACION E OBRAS PÚBLICAS
20	OFICIAL ESPECIALISTA 1ª	EDIFICACION E OBRAS PÚBLICAS

Durante o desenvolvemento deste Medio Propio encargado dos traballos da traslado a este técnico encargado do contrato como se establece no devandito acordo de Xunta de goberno, que existen reclamacións dos traballadores catalogados como auxiliares de xardinería, expoñendo que veñen realizando traballos da mesma categoría que os de xardiñeiros e solicitando polo tanto unha reclasificación do seu posto de traballo.

Esta circunstancia foi posta en coñecemento polo medio propio (TRAGSA) vía correo electrónico e mediante escrito presentado con data 24 de abril de 2021 , asinado polo xerente de TRAGSA, e que se reflicte como anexo a este informe.

Ante esta solicitude realizada por estes traballadores ao medio propio e que é trasladada dende o medio propio á Deputación, procedeuse a remitir este expediente ao servizo de recursos humanos da Deputación de Lugo, solicitando informe técnico sobre a conveniencia e fundamento da solicitada reclasificación, que se recolle no informe que forma parte do anexo II, deste documento.

Neste informe de Recursos Humanos maniféstase nas súas conclusións o seguinte:

“En consecuencia (...):

“1ª.- Para determinar a procedencia da reclamación deberase constatar si o traballador efectivamente realizou, como asegura no seu escrito, as funcións de xardineiro.

2ª.- Si ben e certo que a promoción dende o subgrupo de auxiliar de xardinería a xardineiro non é automática senón que o convenio prevé a realización de probas de aptitude, sería difícil xustificar as razóns do non abono das diferenzas retributivas si se acredita a súa realización.

Só no caso de que se acredite que as ditas funcións superiores foron realizadas durante menos de 90 días ano non sería obrigatorio promover as probas de ascenso dende a clasificación de auxiliar de xardinería a xardineiro.

3ª.- As diferenzas retributivas teñen repercusión só no soldo base e nas 3 pagas extra (15 mensualidades en total) xa que os restantes conceptos retributivos (antigüidade, P. de Transporte e P. de Conservación de vestiario) son de igual importe sexa para auxiliares de xardinería for para xardineiros.”

Do que se informa aos efectos oportunos, advertindo que a opinión xurídica recollida no presente Informe sométese a calquera outra mellor fundada en Dereito; e non suple en modo algún a outros Informes que se puideran solicitar ou que preceptivamente se deban emitir para a válida adopción de acordos.”

Ante todo o anteriormente exposto e recoñecendo o medio propio que as persoas recoñecidas como auxiliares de xardinería realizan as mesmas funcións que os recoñecidos como xardiñeiros, procede a modificación do encargo aprobado en Xunta de Goberno do 18 de decembro de 2020 para a realización do servizo de mantemento e conservación dos espazos verdes, competencia desta Deputación de Lugo.



Esta modificación consiste en :

Modificar a redacción da memoria técnica modificando o apartado 2.3, quedando do seguinte xeito:

Onde se recolle:

“2.3.3. Persoal de mantemento.

É obrigación de TRAGSA de achegar eventualmente persoal especializado se as necesidades dos traballos así o requiren, persoal que foi subrogado de SUPLUSA o 1 de xaneiro de 2020 en cumprimento do Convenio Colectivo de aplicación e de acordo ás listaxes e consideracións que a Deputación lle traslade a TRAGSA, considerárase o seguinte persoal a xornada completa como o mínimo indispensable para o desenvolvemento dos traballos:

	CATEGORIA	CONVENIO
1	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
2	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
3	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
4	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
5	ENCARGADO	JARDINERIA
6	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
7	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
8	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
9	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
10	XEFE DE GRUPO	JARDINERIA
11	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
12	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
13	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
14	AUXILIAR XARDIÑERÍA	JARDINERIA
15	AUXILIAR XARDIÑERÍA	JARDINERIA
16	AUXILIAR XARDIÑERÍA	JARDINERIA
17	AUXILIAR XARDIÑERÍA	JARDINERIA
18	OFICIAL ESPECIALISTA 1ª	EDIFICACION E OBRAS PÚBLICAS
19	ENCARGADO	EDIFICACION E OBRAS PÚBLICAS
20	OFICIAL ESPECIALISTA 1ª	EDIFICACION E OBRAS PÚBLICAS

”

Deberá recoller :

“2.3.3. Persoal de mantemento.

É obrigación de TRAGSA de achegar eventualmente persoal especializado se as necesidades dos traballos así o requiren, persoal que foi subrogado de SUPLUSA o 1 de Xaneiro de 2020 en cumprimento do Convenio Colectivo de aplicación e de acordo ás listaxes e consideracións que a Deputación lle traslade a TRAGSA, considerárase o seguinte persoal a xornada completa como o mínimo indispensable para o desenvolvemento dos traballos:

	CATEGORÍA	CONVENIO
1	XARDINEIRO	XARDINERÍA
2	XARDINEIRO	XARDINERÍA
3	XARDINEIRO	XARDINERÍA
4	XARDINEIRO	XARDINERÍA
5	ENCARGADO	XARDINERÍA
6	XARDINEIRO	XARDINERÍA
7	XARDINEIRO	XARDINERÍA
8	XARDINEIRO	XARDINERÍA
9	XARDINEIRO	XARDINERÍA
10	XEFE DE GRUPO	XARDINERÍA
11	XARDINEIRO	XARDINERÍA
12	XARDINEIRO	XARDINERÍA
13	XARDINEIRO	XARDINERÍA
14	XARDINEIRO	XARDINERÍA
15	XARDINEIRO	XARDINERÍA
16	XARDINEIRO	XARDINERÍA
17	XARDINEIRO	XARDINERÍA
18	OFICIAL ESPECIALISTA 1ª	EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS
19	ENCARGADO	EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS
20	OFICAL ESPECIALISTA 1ª	EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS

A devandita reclasificación non supón aumento económico no total aprobado por Xunta de Goberno Provincial para este encargo.

Como é coñecido na xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020, aprobouse un gasto de total para este encargo de:

Orzamento de execución do Encargo para os anos 2021 e 2022	
Ano 2021	850.000 €
Ano 2022	850.000 €
TOTAL	1.700.000,00 €



Cómpre indicar que na memoria técnica aprobada e que rexe o encargo de realización de traballos de mantemento de zonas verdes de titularidade Provincial recóllese no seu apartado 7 que:

“7. Facturación

Emitirase unha única factura mensual dos traballos realizados por capítulos segundo o orzamento aprobado pola Deputación Provincial de Lugo.

Será posible mediante xustificación previa superar o importe dalgunha das partidas alzadas a xustificar sempre e cando o total non supere o orzamento anual e mediante informe xustificativo asinado polo Servizo de Medio Ambiente.

Do mesmo xeito no caso de que algunha das partidas reflectidas nesta memoria técnica non se executen de xeito completo, durante a realización dos traballos recollidos no encargo, será posible a redistribución do importe sobrante entre as distintas partidas orzamentarias recollidas neste documento e que formaran parte do encargo de mantemento de zonas verdes.”

Para afrontar o aumento nos salarios dos traballadores derivados da súa reclasificación, que pretende efectuar a mercantil TRAGSA, existe o crédito suficiente en partidas alzadas do encargo derivando os importes necesarios destas partidas á partida de medios persoais.

Reflictese estas modificación no anexo 3 deste documento, onde se recollen os orzamentos parciais do encargo dende a reclasificación que será efectiva dende o día 1 de maio de 2021.

Resultando finalmente o que se recolle a continuación en relación ao orzamento para este ano 2021 e 2022, que ven recollido de xeito pomenorizado no anexo 3 deste documento.

En relación ao modo de facturación da modificación do encargo, realízase a partir da entrada en vigor da modificación da memoria aumentando a medición dos xardiñeiros:

PROPOSTA MANTENIMIENTO ZONAS VERDES 2021

DESCRIPCIÓN DE LA PARTIDA	MEDICIÓN	PRECIO UD (€).	PRECIO (€)
1.01 ud Xefe grupo Xardineiro (1Ud)	1	35.360,00	35.360,00
1.02 ud Encargado Xardineiro (1 Ud)	1	36.499,00	36.499,00
1.03 ud Xardineiro (16) Ud	1	410.927,73	410.927,73
1.04 ud Auxiliar xardineiro (4ud)	0,33	97.220,00	32.313,60
2.02 Oficial 1ª de oficio (1 Ud)	1	23.192,31	23.192,31
		1. PERSONAL XARDINERIA	538.292,64
2.01 Encargado construcción (1 Ud)	1	38.320,46	38.320,46
1.05 ud Oficial Escultor pedra e marmol (1 Ud)	1	39.797,00	39.797,00
		2. PERSONAL CONSTRUCCION	78.117,46
03.01 mes Coordinacion equipos e control calidade dos traballos	12	2.893,33	34.719,96
		3. COORDINACION EQUIPO	34.719,96
4.1 ud Seguridade e Saude e Uniformidad	33	551,52	18.200,16
4.2 ud Seguridade e Saude Xardineria	20	366,60	7.332,00
4.3 ud Seguridade e Saude Construcción	4	35,17	140,68
		4. SEGURIDADE E SAUDE	25.672,84
5.1 PA P.A. a xustificar en xestión de residuos	1,00	3.695,44	3.695,44
		5. XESTION DE RESIDUOS	3.695,44
6.1 Ud P.A. a xustificar materiais, ferramenta, plantas, sementes, fitosanitarios, etc	1,00	23.692,89	23.692,89
6.2 PA P.A. a xustificar medios auxiliares , proteccions colectivas, alugueres, colaboracións externas etc	1,00	17.389,28	17.389,28
6.3 PA P.A. a Xustificar combustibles, lubricantes, etc,	1,00	17.389,28	17.389,28
		6. MEDIOS AUXILIARES, MANTEMENTOS E PEQUENO MATERIAL	58.471,45
		SUMA	738.969,79
		COSTES INDIRECTOS (7,5%)	55.422,73
		GASTOS GENERALES (7,0%)	55.607,48
		TOTAL	850.000,00

PROPOSTA MANTENIMIENTO ZONAS VERDES 2022

DESCRIPCIÓN DE LA PARTIDA	MEDICIÓN	PRECIO UD (€).	PRECIO (€)
1.01 ud Xefe grupo Xardineiro (1Ud)	1	35.360,00	35.360,00
1.02 ud Encargado Xardineiro (1 Ud)	1	36.499,00	36.499,00
1.03 ud Xardineiro (16) Ud	1	443.241,33	443.241,33
2.02 Oficial 1ª de oficio (1 Ud)	1	23.192,31	23.192,31
		1. PERSONAL XARDINERIA	538.292,64
2.01 Encargado construcción (1 Ud)	1	38.320,46	38.320,46
1.05 ud Oficial Escultor pedra e marmol (1 Ud)	1	39.797,00	39.797,00
		2. PERSONAL CONSTRUCCION	78.117,46
03.01 mes Coordinacion equipos e control calidade dos traballos	12	2.893,33	34.719,96
		3. COORDINACION EQUIPO	34.719,96
4.1 ud Seguridade e Saude e Uniformidad	33	551,52	18.200,16
4.2 ud Seguridade e Saude Xardineria	20	366,60	7.332,00
4.3 ud Seguridade e Saude Construcción	4	35,17	140,68
		4. SEGURIDADE E SAUDE	25.672,84
5.1 PA P.A. a xustificar en xestión de residuos	1,00	3.695,44	3.695,44
		5. XESTION DE RESIDUOS	3.695,44
6.1 Ud P.A. a xustificar materiales, ferramenta, plantas, sementes, fitosanitarios, etc	1,00	23.692,89	23.692,89
6.2 PA P.A. a xustificar medios auxiliares , proteccions colectivas, alugueres, colaboracións externas etc	1,00	17.389,28	17.389,28
6.3 PA P.A. a Xustificar combustibles, lubricantes, etc,	1,00	17.389,28	17.389,28
		6. MEDIOS AUXILIARES, MANTEMENTOS E PEQUENO MATERIAL	58.471,45
		SUMA	738.969,79
		COSTES INDIRECTOS (7,5%)	55.422,73
		GASTOS GENERALES (7,0%)	55.607,48
		TOTAL	850.000,00



Resultando que o orzamento non se modifica en relación ao seu total, soamente a medición de xardiñeiro.

Polo tanto o total do orzamento para os dous anos de encargo non se ve modificado, resultando o seguinte:

ANUALIDADE	ORZAMENTO
2021	850.000 €
2022	850.000 €
TOTAL	1.700.000 €

Por todo o anteriormente exposto conclúese que procedería a realización da modificación da memoria técnica que rexe o encargo de mantemento de zonas verde de titularidade provincial para os anos 2021 e 2020, nos termos que se manifestan neste informe é dicir:

Modificar a redacción da memoria técnica modificando o apartado 2.3, quedando do seguinte xeito:

Onde se recolle:

“2.3.3. Persoal de mantemento.

É obrigación de TRAGSA de achegar eventualmente persoal especializado se as necesidades dos traballos así o requiren, persoal que foi subrogado de SUPLUSA o 1 de xaneiro de 2020 en cumprimento do Convenio Colectivo de aplicación e de acordo ás listaxes e consideracións que a Deputación lle traslade a TRAGSA, considerárase o seguinte persoal a xornada completa como o mínimo indispensable para o desenvolvemento dos traballos:

	CATEGORIA	CONVENIO
1	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
2	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
3	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
4	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
5	ENCARGADO	JARDINERIA
6	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
7	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
8	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
9	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
10	XEFE DE GRUPO	JARDINERIA
11	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
12	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
13	XARDIÑEIRO	JARDINERIA
14	AUXILIAR XARDIÑERÍA	JARDINERIA
15	AUXILIAR XARDIÑERÍA	JARDINERIA
16	AUXILIAR XARDIÑERÍA	JARDINERIA
17	AUXILIAR XARDIÑERÍA	JARDINERIA
18	OFICIAL ESPECIALISTA 1ª	EDIFICACION E OBRAS PÚBLICAS
19	ENCARGADO	EDIFICACION E OBRAS PÚBLICAS
20	OFICIAL ESPECIALISTA 1ª	EDIFICACION E OBRAS PÚBLICAS

”

Deberá recoller :

“2.3.3. Persoal de mantemento

É obrigación de TRAGSA de achegar eventualmente persoal especializado se as necesidades dos traballos así o requiren, persoal que foi subrogado de SUPLUSA o 1 de Xaneiro de 2020 en cumprimento do Convenio Colectivo de aplicación e de acordo ás listaxes e consideracións que a Deputación lle traslade a TRAGSA, considerarase o seguinte persoal a xornada completa como o mínimo indispensable para o desenvolvemento dos traballos:



	CATEGORÍA	CONVENIO
1	XARDINEIRO	XARDINERÍA
2	XARDINEIRO	XARDINERÍA
3	XARDINEIRO	XARDINERÍA
4	XARDINEIRO	XARDINERÍA
5	ENCARGADO	XARDINERÍA
6	XARDINEIRO	XARDINERÍA
7	XARDINEIRO	XARDINERÍA
8	XARDINEIRO	XARDINERÍA
9	XARDINEIRO	XARDINERÍA
10	XEFE DE GRUPO	XARDINERÍA
11	XARDINEIRO	XARDINERÍA
12	XARDINEIRO	XARDINERÍA
13	XARDINEIRO	XARDINERÍA
14	XARDINEIRO	XARDINERÍA
15	XARDINEIRO	XARDINERÍA
16	XARDINEIRO	XARDINERÍA
17	XARDINEIRO	XARDINERÍA
18	OFICIAL ESPECIALISTA 1ª	EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS
19	ENCARGADO	EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS
20	OFICAL ESPECIALISTA 1ª	EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS

Manténdose o total do orzamento para as dúas anualidades 2020 e 2021, aprobado en xunta de goberno de 18 de decembro de 2020. Polo tanto o orzamento total deste encargo par os anos 2021 e 2022 mantense en:

ANUALIDADE	ORZAMENTO
2021	850.000 €
2022	850.000 €
TOTAL	1.700.000 €

Por todo o exposto anteriormente e analizando o informe elaborado polo Xefe de Sección de Medio Ambiente da Deputación de Lugo, propónse, á Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:

Aprobar a Modificación da memoria técnica que rexe o encargo da Deputación de Lugo á empres Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. encargo a TRAGSA para a conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo para a anualidade 2021 - 2022 prorrogable anualmente ata 31 de decembro de 2024. Nos termos que se expoñen anteriormente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- CORRECCIÓN ERRO MATERIAL NO INFORME DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE RELATIVO Á APROBACIÓN DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE MEIRA, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Silvia García López, en calidade de xefa de servizo de Benestar Social e Igualdade, expón:

O 12.04.2021 emitíuse un informe relativo á aprobación do convenio específico entre o Concello de Meira e a Deputación Provincial de Lugo para a prestación compartida de servizos no Centro de Atención a Persoas Maioras de Meira co CVF IV7HE3HZLL5O2SBY2ZHHLZLP4E.

Revisado o mesmo detéctase un erro aritmético, xa que as achegas calculáronse por erro para 12 meses e non para 7, en dos das situacións, feito que da lugar a un erro nas contías totais das achegas dos usuarios ao sinalado no mesmo:

USUARIOS		CAPACIDADE ECONÓMICA 1.041,81	DÉFICIT XERADO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO CONCELLO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO DEPUTACIÓN	ACHEGA ANUAL CONCELLO SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL DEPUTACIÓN SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL USUARIOS SEGUNDO ORDENANZA
Dependentes	25	851,68 €	538,32 €	134,58 €	403,74 €	23.551,50 €	70.654,50 €	149.044,00 €
Autónomas	5	825,55 €	254,45 €	63,61 €	190,84 €	2.226,44 €	6.679,31 €	49.533,00 €
Centro de día	20	520,91 €	29,09 €	7,27 €	21,82 €	1.018,15 €	3.054,45 €	125.018,40 €
TOTAL						26.796,09 €	80.388,26 €	323.595,40 €

Estimación das achegas por parte das administracións locais en funcións do déficit xerado entre o custe de referencia e o prezo público de cada persoa usuaria



DEPUTACIÓN DE LUGO

USUARIOS 01.06.2021		CAPACIDADE ECONÓMICA 1.041,81	DÉFICIT XERADO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO CONCELLO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO DEPUTACIÓN	ACHEGA ANUAL CONCELLO SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL DEPUTACIÓN SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL USUARIOS SEGUNDO ORDENANZA
Dependientes	25	851,68 €	538,32 €	134,58 €	403,74 €	23.551,50 €	70.654,50 €	149.044,00 €
Autónomas	5	825,55 €	254,45 €	63,61 €	190,84 €	2.226,44 €	6.679,31 €	28.894,25 €
Centro de día	20	520,91 €	29,09 €	7,27 €	21,82 €	1.018,15 €	3.054,45 €	72.927,40 €
TOTAL						26.796,09 €	80.388,26 €	250.865,65 €

Estimación das achegas por parte das administracións locais en funcións do déficit xerado entre o custe de referencia e o prezo público de cada persoa usuaria

01.06.2021	ACHEGA ANUAL USUARIOS	ACHEGA ANUAL DEPUTACIÓN	ACHEGA ANUAL CONCELLO SEGUNDO	TOTAL
PREZO PÚBLICO	250.865,65 €	80.388,26 €	26.796,09 €	358.050,00 €
GASTO TOTAL				513.493,90 €
DÉFICIT				- 155.443,90 €
DEPUTACIÓN 75,00 %		116.582,93 €		155.443,90 €
CONCELLO 25,00 %			38.860,98 €	
		196.971,19 €	65.657,06 €	
<i>FACTOR CORRECCIÓN</i>		9.657,06 €	- 9.657,06 € (56.000,00 €)	
TOTAL	250.865,65 €	206.628,25 €	56.000,00 €	513.493,90 €

Táboa . Estimación das achegas administracións locais e usuarias fronte custe total prestación 01.06.2021

Así onde se sinala:

“(…) Tendo en conta que a prestación do servizo iniciárase previsiblemente o 01.06.2021 neste escenario o custe ascendería a un gasto máximo de 513.493,90 € (engádense os salarios do persoal que se contratará con anterioridade para a súa formación no modelo e posta en marcha), dos cales 323.595,40 € serían achegados polas persoas usuarias, 142.423,88€ corresponderían ao déficit a asumir a Deputación, mais as achegas do Concello 47.474,63 €. Así para a Deputación tería que achegar coas peores previsións 142.423,88€ na anualidade 2021.”

(…)

Debería sinalarse

“(…) Tendo en conta que a prestación do servizo iniciárase previsiblemente o 01.06.2021 neste escenario o custe ascendería a un gasto máximo de 513.493,90 € (engádese os salarios do persoal que se contratará con anterioridade para a súa formación no modelo e posta en marcha), dos cales 250.865,65 € serían achegados polas persoas usuarias, 206.628,25 € corresponderían ao déficit a asumir a Deputación, mais as achegas do Concello 56.000,00 €. Así para a Deputación tería que achegar coas peores previsións 206.628,25 € na anualidade 2021”

(…)

Este erro trasládase ao informe da interventora xeral do 16.04.2021, co CSV IV7HEHT5JRN CJW6Y4HY4OUDDKU e á parte expositiva da proposta da Xunta de Goberno do 16.04.2021 co CSV IV7HEHSMFNO PJOGMRVEDH4PUCI.

Por outra banda, notar que este erro non afecta á consignación orzamentaria, á parte resolutiva do acordo da Xunta de Goberno do 16.04.2021, nin ao texto do convenio aprobado.

Así, propónse dar conta do erro exposto á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na adquisición de terreos para a construción dun paseo fluvial no río Miño. Anualidade 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

“Asunto: Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na adquisición de terreos para a construción dun paseo fluvial no río Miño. Anualidade 2021.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Meira (EXP 2021/PES_03/002406) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na adquisición de terreos para a construción dun paseo fluvial no río Miño, por importe total de 37.400,00€, dos que 25.000,00 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 12.400,00 € a cargo do concello de Meira, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...).”

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Respecto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.



Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:



“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”.

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as

competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.



A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concréntanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre sí dalguna das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21



de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 25.000,00€, na aplicación orzamentaria 1720.76200 no vixente orzamento xeral de 2021.

Incorpórase ao expediente minuta de convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Meira.

O convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación, no marco dunha relación interadministrativa entre o Concello de Meira e a Deputación Provincial de Lugo, en exercicio dunha competencia compartida, para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na adquisición de terreos para a construción dun paseo fluvial no río Miño, anualidade 2021. Non constitúe unha prestación propia dos contratos do sector público; guiado por razóns de interese público e conformando unha canle para a satisfacción eficaz do fin común, sen necesidade de crear estruturas burocráticas con custes engadidos e disfuncións para o que se comprometen a realizar as seguintes aportacións:

ANUALIDADE	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
2021	25.000,00 €	12.400,00€

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión deste convenio e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) e no establecido na base 24.4º das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2021, que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe de xeito individual sexa igual ou superior a 15.000,00€.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na adquisición de terreos para a construción dun paseo fluvial no río Miño, anualidade 2021, por importe de 37.400,00 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 25.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 1720.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa á modificación, se procede, do convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e a Universidade da Coruña para sufragar os gastos derivados da realización do proxecto “Estudo e deseño dun prototipo de equipamento dotacional para maiores no rural galego”, ano 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Modificación do Convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e a Universidade da Coruña para sufragar os gastos derivados da realización do proxecto “Estudo e deseño dun prototipo de equipamento dotacional para maiores no rural galego”, ano 2020.

En relación ao asunto de referencia dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe



Antecedentes de feito

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 20 de novembro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo de prestar a aprobación á seguinte proposta:

Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e a Universidade de A Coruña para sufragar os gastos derivados da realización do proxecto “Estudo e Deseño dun Prototipo de Equipamento Dotacional para miores no Rural Galego”, ano 2020, por importe de 35.000,00 €.

Aprobar o gasto de 35.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2314.48900 do vixente orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o ano 2020, a favor do Concello de Universidade de A Coruña, para sufragar os gastos derivados da realización do proxecto “Estudo e Deseño dun Prototipo de Equipamento Dotacional para miores no Rural Galego”, ano 2020

O Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e a Universidade de A Coruña para sufragar os gastos derivados da realización do proxecto “Estudo e Deseño dun Prototipo de Equipamento Dotacional para miores no Rural Galego”, ano 2020, formalizouse o 10 de decembro de 2020.

Don Salvador Naya Fernández, actuando en calidade de Vicerreitor de Política Científica, Investigación y Transferencia, en representación da Universidade da Coruña, con CIF ***5000** e domicilio en Reitorado, Rúa da Maestranza, nº 9, 15.001, remitiu escrito, o 19 de abril de 2021, no que literalmente se solicita o seguinte:

A ampliación do prazo de execución do proxecto (incluíndo a realización de gastos e pagos) ata o 31 de outubro de 2021 e, consecuentemente, a ampliación no prazo de xustificación ata o 15 de novembro de 2021.”

Deste xeito, segundo se desprende da documentación que obra no expediente, preténdese a modificación das das seguintes cláusulas:

A cláusula terceira, sobre as obrigas e compromisos das partes.

A cláusula cuarta, sobre o réxime económico e titularidade dos resultados.

As cales quedarían redactadas do seguinte xeito, tomando como referencia o escrito do representante da Universidade de A Coruña:

Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

As partes intervintes neste convenio de cooperación contribuirán para a súa execución nos seguintes termos:

A UDC asume os seguintes compromisos:

Comprometese a aportar as instalacións e investigadores – profesores necesarios para o proxecto de “Estudo e deseño dun prototipo de equipamento sustentable para maiores no rural galego”, ano 2020.

Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas na cláusula primeira, conforme ás obrigas asumidas polas partes, na data límite do 31 de outubro do 2021.

Transferir coñecementos a sociedade civil e as iniciativas económicas que xurdan en relación co fin deste convenio, mediante publicacións, conferencias e canles ordinarios de divulgación do coñecemento, incluídas as páxinas web da propia UDC e/ ou a Deputación de Lugo.

Aportar para a execución do convenio o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

A Deputación Provincial de Lugo asume os seguintes compromisos:



Exercer a supervisión, coordinación e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio.

Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio.

Aportar as cantidades estipuladas na cláusula cuarta.

Cláusula cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados.

“(…)

Xustificación

Unha vez finalicen as actuacións previstas e contempladas neste convenio e en todo caso, como máximo o día 15 de novembro de 2021 a UDC, achegará á Deputación de Lugo unha conta xustificativa conxunta dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria das das actuacións, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterà:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e data pagamento da actuación.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario ou órgano que teña atribuídas as citadas funcións na UDC do custo total da actividade, indicando os importes do financiamento,

acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario ou órgano que teña atribuídas as citadas funcións na UDC de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Declaración responsable emitida pola UDC, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que a UDC non asume o custo do IVE.

Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de colaboración, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración das actuacións do presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a UDC non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable na que se faga constar a cooperación da Deputación de Lugo en todas as actuacións e soportes, que se utilicen na execución do presente convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá , no seu caso, ao abono do gasto xustificado.



No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-311000****. De non cumprirse esta obrigaón, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

A Deputación de Lugo reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

(...)"

Consideracións xurídico-administrativas:

No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula sétima -modificacións-:

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente. A modificación levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Na cláusula oitava (Vixencia do convenio):

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2020 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2022 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2021, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e a Universidade de A Coruña para sufragar os gastos derivados da realización do proxecto “Estudo e Deseño dun Prototipo de Equipamento Dotacional para miores no Rural Galego”, ano 2020 sería a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusiones

Por todo o exposto, revisada a documentación que obra no expediente de aprobación do convenio, informase favorablemente a modificación solicitada polo representante da Universidade de A Coruña nos termos da modificación do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación das cláusulas terceira e cuarta do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e a Universidade de A Coruña para sufragar os gastos derivados da realización do proxecto “Estudo e Deseño dun Prototipo de Equipamento Dotacional para miores no Rural Galego”, ano 2020 formalizado o 10 de decembro de 2020, nos termos da modificación do convenio que se incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Primeiro.- *Aprobación, se procede, do Plan de Seguridade e Saúde da obra reposición cuberta en Tor (Monforte de Lemos).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o plan de Seguridade e Saude das obras que se indican, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saude nas obras de construción, e informe emitido pola Coordinadora de seguridade e saúde na fase de execución, o Deputado que suscribe propón á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

Obra da que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde no Traballo

Obra: Obras de reposición cuberta en Tor (Monforte de Lemos).

Contratista: Construcciones Couso Soto S.L.

Coordinadora de Seguridade e Saúde: Ana Mullor Díez.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Aprobación, se procede, do Plan de Seguridade e Saúde da obra de acondicionamento LU-P-1301.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o plan de Seguridade e Saude da obra que se indica, presentado por o contratista adjudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saude nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servicios Técnicos desta Excm. Deputación, o Diputado Delegado que suscribe propón á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

Obra da que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde:

Obra: PEDRAFITA DO CEBREIRO.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (LU-633) e ramais A Piñeira e Lusada – Vilela”, P.K. 10+700 a 12+591

Contratista: VAZPER 3 SL”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES DO PROGRAMA BONO IMPULSO- DEPUTACIÓN DE LUGO (BONO PARA A HOSTALARÍA E COMERCIO LOCAL).

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:



“A vista que a pandemia ocasionada polo Covid 19, esta xerando graves estragos na economía, que arrastra a millóns de empresas o peche, aumentando de forma considerable as cifras de desemprego no territorio. O reto no que nos atopamos é dobre e debe estar centrado no apoio as empresas e as familias para asegurar unha recuperación mas rápida e forte da economía.

Que nos últimos meses o aforro nos fogares alcanzou niveis sen precedentes causa que motiva o desemprego, por esta razón debemos romper a tendencia provendo programas e medidas que promovan o consumo.

A vista do anterior dende a Sección de Promoción Económica e Emprego elabórase un programa denominado Bono Impulso-Deputación de Lugo, co obxecto de fomentar o consumo entre os establecementos locais minoristas e de hostalaría por ser os de maior necesidade por estar durante maior período afectado polos peches de actividade ou redución de horarios de atención o público.

Que este programa conta cunha dotación de 510.000 € con cargo a partida orzamentaria 4330.47900 recollida no Plan estratéxico de subvencións 2020-2022 concretamente no Anexo I correspondente a anualidade 2021 dentro da liña 4.1.C, Fomento da Promoción Económica e Social da provincia de Lugo na área funcional de Promoción Económica e Social.

Que o importe de afectación e de 510.000€ responde a unha cantidade mínima necesaria para que todos os establecementos dos concellos da provincia gocen dos beneficios do programa de forma equitativa atendendo as principais parámetros de cálculo de consumo: poboación, número de desemprego e número de empresas de alta no IAE.

Que esta cantidade distribúese en 17.000 bonos de 30€ por bono, cun consumo mínimo de 60€, estas cantidades resultan tralo análise da necesidade de inxectar liquidez e xerar un impacto económico sobre o consumo no comercio minoritario local e na hostalaría para reactivar a economía e romper a tendencia o aforro.

En termos de consumo estes datos son moi relevantes xa que se consegue un efecto multiplicador, é dicir por cada bono de desconto provocase de forma inducida un impacto positivo no consumo que ronda o triplo do importe invertido. Por esta razón as cantidades asignadas a este programa son valoradas en termos de suficiencia mínima tanto en orzamento, cantidade e valor dos bono para conseguir o obxectivo final, reactivar o consumo fronte a tendencia o aforro.

Que ante a gravísima situación que se está a sufrir a nivel mundial e poder conseguilo efecto proposto co menor custe económico para o erario público contéplase de forma extraordinaria nesta convocatoria a excepción ao outorgamento de subvencións inferiores a 300€ recollidas no apartado 12 do Plan Estratéxico de subvencións (2020-2022).

Poderase consultar a Ordenanza xeral de subvención da Deputación de Lugo, na web desta entidade, en concreto na seguinte dirección.

http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=sfdes_d4_v1.jsp&tipo=6&&contenido=30233&nivel=1400

Os códigos refírense a información para a base de datos nacional de subvencións.

Obxecto: Nº 3, Cobertura de costes o del déficit.

Tipo de subvención: Nº 1, Subvención non calificable como axudas de estado a empresas.

Sector económico: N^a 47.1 Comercio o por menor en establecementos non especializados.

Finalidade: Nº14, Comercio, Turismo e Pemes.

Impacto de xénero: Nº 3, Negativo. Cando non se prevexa unha eliminación ou diminución das desigualdades detectadas e non contribúa as políticas de igualdade.

Instrumento de axuda: Nº SUBV, Subvención e entrega sen contraprestación.



Por todo anterior, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar a convocatoria e bases da programa Bono Impulso – Deputación de Lugo (bono para a hostalaría e o comercio local) e aprobar o gasto, con cargo a aplicación orzamentaria 4330.47900, por importe de 510.000 € condicionado a entrada en vigor da modificación orzamentaría aprobada en Pleno ordinario de data 27 de abril de 2021.

2º.- Aprobar o Anexo 0 - Reparto Bonos por Concellos.

3º.- Aprobar os modelos de adhesión, solicitude e xustificación (Anexo I, II, III).

4º.- Aprobar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES, DA CONVOCATORIA, DO FINANCIAMENTO E DOS NOMEAMENTOS DOS REPRESENTANTES DESTA DEPUTACIÓN NO PREMIO OTERO PEDRAYO, ANO 2021.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“A vista da notificación do expediente efectuada pola Deputación Provincial de Pontevedra- informándonos da aprobación e da publicación das bases do premio “Otero Pedrayo 2021”, e co obxecto de que por parte da Deputación de Lugo se proceda a súa aprobación, publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como a necesidade de comunicar o nome das persoas que representarán a Deputación de Lugo no xurado do Premio nesta anualidade.

A vista das bases que rexerán a convocatoria do premio “Otero Pedrayo 2021” aprobadas por resolución da presidenta da Deputación de Pontevedra, (resolución presidencial núm.

RP2021001147, de 26 de febreiro de 2021), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra num. 45 de 08 de marzo de 2021.

Visto que de acordo coa cláusula 1.3, das citadas bases, a achega que lle corresponde a Excm. Deputación Provincial de Lugo como cotitular do premio é de 2.000 €.

Visto que de acordo coa cláusula 4.2, das citadas bases, a publicación da convocatoria do premio “Otero Pedrayo 2021”, realizarase, entre outros, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Cultura.

Visto a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente. Visto o informe da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento.

Visto o informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención, noque amosa a súa conformidade.

A Deputada de Cultura que subscribe, propón a V.I., a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o gasto por importe de dous mil euros (2.000€), para o Premio “Otero Pedrayo 2021”.

2º.- Aprobar e publicar as bases reguladoras da convocatoria do Premio “Otero Pedrayo 2021”, remitidas pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, segundo se establece no punto 4.2 das bases do Premio Otero Pedrayo, 2021.

3º.- Delegar en dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, Vicepresidenta da Deputación de Lugo, a representación da Excm. Deputación Provincial de Lugo como membro do xurado do Premio “Otero Pedrayo 2021”.

4º.- Designar a don Xosé Miranda Ruíz como vogal do xurado do Premio Otero Pedrayo, 2021.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe da Responsable Coordinadora II do Centro de Artesanía e Deseño , o cal di:

“De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción). ..)

(...Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 118, sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte...)

Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación das bases e da convocatoria para a inscrición, admisión e selección dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no Mercado de Nadal 2021, que teñen como obxecto regular as normas e condicións de participación dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo no Mercado de Nadal 2021 organizado pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

Polo cal, propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases e os seus Anexos, que teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo no Mercado de Nadal 2021 organizado pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 19.500,00 € para a celebración do Mercado de Nadal 2021.

3º.- Aprobar a non aplicación de prezos públicos, e o acceso de balde a participar no Mercado de Nadal 2021 aos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación seleccionados, dadas as circunstancias excepcionais e para paliar os efectos da crise sanitaria do Covid-19 no Sector.

4º.- Ordenar a publicación das bases e modelos de solicitude da convocatoria para a inscrición, admisión e selección dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no Mercado de Nadal 2021, da Área de deportes, artesanía e deseño e memoria histórica da Deputación de Lugo no Boletín Oficial da Provincia.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS E DAS ARTESÁS PARTICIPANTES NA MOSTRA DE ARTESANÍA “ARTESANFROILÁN 2021”.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe da Responsable Coordinadora II do Centro de Artesanía e Deseño , o cal di:

“De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción). ..)

(...Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 118, sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte...).

Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación das bases que teñen como obxecto regular as normas e condicións de participación dos e das artesás da mostra Artesanfroilán 2021 organizada pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.)

Polo cal, propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases e os seus Anexos, que teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos e das artesás da mostra Artesanfroilán 2021 organizada pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto estimado de 19.600,00 € para a celebración da mostra Artesanfroilán 2021.

3º.- Aprobar a non aplicación de prezos públicos dadas as consecuencias excepcionais e así paliar os efectos da crise sanitaria do Covid-19 no Sector.

4º.- Ordenar a publicación das bases e os seus Anexos no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se relacionan, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 10



de agosto de 2018, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2018, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 111, de data 16 de maio de 2018.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

“1.- Na Xunta de Goberno do día 4 de maio de 2018, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2.- Con data 16 de maio de 2018, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 111 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 10 de agosto de 2018, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 14 de agosto de 2018, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 186, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2019.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Unha vez transcorrido o prazo establecido nas Bases citadas, para a presentación da documentación xustificativa, procédese á revisión da documentación xustificativa e detéctanse unha serie de deficiencias, polo que con data de 20 de decembro de 2019 a Presidencia desta Excma. Deputación de Lugo, revolveu, requirir ás Asociacións que se relacionan, para que, no prazo improrrogable de 15 días, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación, presenten a documentación requirida. , advertíndolles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

8.- Con data 13 de xaneiro de 2020, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

9.- Transcorrido o citado prazo de 15 días e non sendo atendido o citado requirimento polas asociacións citadas a Presidencia desta Excma Deputación de Lugo, revolveu, con data 1 de febreiro de 2021, iniciar os expedientes de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, das entidades que se relacionan por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

10.- Con data 15 de febreiro de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada na que se lles comunica, que segundo a Resolución da



Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

11.- Transcorrido o citado prazo de 10 días conséntase que non foi atendido o citado trámite de audiencia polas asociacións relacionadas”.

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións que se relacionan, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018, polo que se resolveu o concurso de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2018, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 111 de 16 de maio de 2018, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria.

2º.- Que se notifique aos interesados, que se relacionan, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
ASOC. CULTURAL VAL DE LÁNCARA.	PREMIO RAMÓN PIÑEIRO “FACER PAIS”, FESTA DA MALLA, ESCOLA DE BAILE E GAITAS, VIAXES CULTURAIS A ALLARIZ.	1.143,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS RENUNCIAS DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 20 de novembro de 2020, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 273, do venres 27 de novembro de 2020, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2020.

Propoño

Que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a renuncia á respectiva subvención concedida no referido concurso de concorrencia competitiva.

Que consta no respectivo expediente solicitude de renuncia.

Categoría	Nome entidade	Nome actividade	Subvención
Organización de eventos 2020	Lugo Running Club	Trofeo de Atletismo de Nadal Lugo Running Club	630,00 €
Actividade competitiva 2020	Meira Fútbol Clube	Fútbol	1.892,00 €

Que de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, procede aceptar de plano as mencionadas renuncias polos importes indicados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dase conta de que, o día 22 de abril de 2021, ditouse por avocación resolución no asunto sinalado nos seguintes termos:

"2º-Aprobar o encargo á empresa Tecnologías y Servicios Agrarios S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSATEC) da actividade de realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do Servizo de Piscina Municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipais de A Pinguela no Concello de Monforte de Lemos por importe de 279.290,63€, por un período de seis meses, prorrogables trimestralmente sen que a duración total (incluídas as prórrogas, poida exceder dun ano), con efectos dende o día 27 de abril de 2021, ata o día 26 de outubro de 2021. Os traballos executaránse de conformidade coa memoria aprobada polo Concello de Monforte de Lemos.

3º.- Formalizar e publicar o encargo.

4º.-O orzamento da actuación obxecto do presente convenio ascende á cantidade máxima de 279.290,63€ (IVE incluído), que TRAGSATEC facturará de acordo co seu sistema de tarifas e que será aboado polo Concello de Monforte de Lemos, previa liquidación acreditativa dos gastos realizados.

5º.-De acordo coa certificación emitida por TRAGSATEC, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para este encargo dun 1%.

6º.- Os traballos realizaranse por TRAGSATEC co máximo coidado e dilixencia respecto a os intereses da Deputación Provincial de Lugo e ao Concello de Monforte de Lemos, e o persoal de TRAGSATEC estará obrigado a gardar a debida confidencialidade respecto a os feitos, datos e informacións que coñeza no curso do encargo.

7º.- O encargo dos servizos e traballos definidos a TRAGSATEC non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación Provincial de Lugo nin do Concello de Monforte de Lemos.

8º.-Para a supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados désignase por parte do Concello de Monforte de Lemos ao técnico municipal de deportes , D. Oscar

Rodríguez Pérez, e por parte de TRAGSATEC a Emilio José Pardo Álvarez, que poderán ser substituídos polo simple escrito da parte que lles designou.

9º.-O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo previo requirimento do Concello de Monforte de Lemos, cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSATEC dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución tal como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

10º.- O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación Provincial de Lugo, previo requirimento do Concello de Monforte de Lemos, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación

11º.-As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente encargo serán resoltas de forma executiva pola Deputación Provincial de Lugo.

12º.- Dar conta da presente resolución a próxima Xunta de Goberno Local que se celebre."

Visto o anterior, e que dita avocación se produciu dacordo co disposto no art. 10 da LRXSP 40/2015, e considerando as notas de preferencia e urxencia coas que caracteriza a tramitación do procedemento de resolución o artigo 109 do RXCAP 1098/2001, e dacordo co establecido no artigo 116 do RTOFEL dase conta da mesma a Xunta de Goberno, para o seu coñecemento e efectos oportunos. A Xunta de Goberno queda enterada.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.